

Táboa explicativa – Axuda complementaria para estudiantado con menos oportunidades (criterios curso 23/24)

O estudiantado con menos oportunidades ten dereito a percibir unha axuda complementaria de 250€/mes. Se considera estudiantado con menos oportunidades aquel no que concorra(n) algunha(s) das seguintes circunstancias ou situacións:

	Situación/circunstancia	Forma de acreditación *
Obstáculos socioeconómicos	Ser ou ter sido beneficiario dunha bolsa de estudos de carácter xeral da Administración Xeral do Estado para realizar estudos universitarios no curso académico 2023/24 ou no curso académico 2024/25	No é necesario xustificalo
	Percibir a unidade familiar unha prestación de Ingreso Mínimo Vital / Renda Mínima de Inserción ou calquera outra prestación de igual ou semellante natureza.	Certificado da administración correspondente.
	Persoas en risco de exclusión social	Informe dos servizos sociais da Administración Local.
	Familias numerosas ou monoparentais	Libro de familia
	Situacións de especial necesidade e emerxencia social consideradas pola administración pertinente	Informe dos Servizos Sociais.
	Consideración administrativa de vítimas de terrorismo, de violencia de xénero ou orfos	Certificado da administración correspondente.
	Situación de dependencia ou con dependentes a cargo	Certificado da administración correspondente.
	Estudantes con contratos de traballo a tempo completo	Contrato laboral que se manteña en vigor durante o período de mobilidade ou certificado de excedencia para realizar a mobilidade.
Discapacidade	Discapacidade do 33% ou superior	Certificado de discapacidade emitido pola autoridade correspondente (CCAA).
Problemas de saúde	Situación de saúde física que xere a necesidade de apoio adicional	Informe médico expedido por centro de saúde, especialista ou a autoridade sanitaria competente.
	Situación de saúde mental que xere a necesidade de apoio adicional	Informe de Saúde Mental. Informe médico expedido por centro de saúde, especialista ou a autoridade sanitaria competente.
Diferencias culturais	Condición de refuxiado ou con dereito a protección subsidiaria ou ter presentado solicitude de protección internacional en España.	Resolución ou solicitude.

* A acreditación non é necesaria coa solicitude, realizarase cando se asine o convenio de subvención entre o estudiantado e a USC.